



PLAN DIXITAL

CEP Plurilíngüe de Carreira

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- *Nome do centro: CEP Plurilíngüe de Carreira*
- *Dirección Pé do Corniño, S/N, c.p. 15967 Carreira, Ribeira (A Coruña)*
- *Correo: cep.carreira@edu.xunta.gal*
- *Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepcarreira/>*
- *Etapas educativas: Primaria*
- *Nº de alumnado e profesorado: 44 alumnos, 5 mestres no centro e 4 itinerantes con centro base nouro centro educativo.*

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- ***Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro.***

O concello de Ribeira sitúase no Suroeste da provincia da Coruña, na península do Barbanza, estando na entrada Norte da Ría de Arousa. O municipio conta cunha superficie de 69 Km² e divídese en 9 parroquias (Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, Oleiros, Olveira, Palmeira e Ribeira), con un total de 53 aldeas, 24 lugares, unha vila – Palmeira – e unha cidade – Ribeira. A cidade de Ribeira conmemora este ano o seu centenario: en 1906, o rei Afonso XIII concedeulle tal título grazas á súa importante actividade portuaria e ao seu desenvolvemento industrial e comercial.

A poboación:

O concello de Ribeira contaba, no ano 1887, con 10352 veciños. Desde entón e até o ano 1910 (catro anos despois da conquista do título de Cidade), Ribeira medrou 37,5%, chegando aos 14228 habitantes. Entre 1910 e 1940, a poboación foi en aumento, chegando aos 18760 habitantes. Na década de 1940 a 1950 a poboación diminuíu, tendo emigrado moitos ribeirenses cara ás Américas. Em 1950 vivían en Ribeira unhas 18280 persoas. De ahí en diante e até ao ano 1996 o padrón de habitantes do concello foi crescendo sempre, até acadar os 26752 veciños. A partir de 1996, froito dalgunha emigración a Canarias, a poboación volveu baixar, situándose o censo de 2001 nos 26434 habitantes. Posteriormente, no ano 2005, a poboación de Ribeira volvía mostrar unha tendencia progresiva, estando empadroados 26884 veciños.

Entre 1996 e 2005 Ribeira creceu 1,17%. Comparando os datos desta última década co crecemento observado en Galiza e na provincia da Coruña, apréciase que Ribeira medrou por riba da media galega (+0,71%), aínda que lixeiramente por debaixo da media provincial (+1,48%).

A poboación actual do concello é de 27.430 habitantes. Hai unha significativa cantidade de emigrantes ribeirenses vivindo no estranxeiro, principalmente en Newark e Nueva Jersey e Buenos Aires (Arxentina).

O 15,9% da poboación ten menos de 16 anos, sendo a poboación feminina deste grupo inferior á masculina (49,1% de mulleres e 50,9% de homes). Por outro lado, a poboación maior, ou sexa, a que ten máis de 65 anos de idade, representa o 16,8% do total dos ribeirenses.

Entre a poboación feminina, 15,4% ten menos de 16 anos, mentres que o 18,9% ten 65 e máis anos.

Existen diferentes índices indicadores do envellecemento dunha poboación. Podemos calcular a *idade media* de un grupo poboacional, sumando as idades de todos os elementos dese grupo e dividíndoo polo número total de elementos. Tamén podemos calcular o *índice de envellecemento* dunha determinada poboación: para iso relacionamos o número de persoas con máis de 65 anos co número de persoas con menos de 20. E podemos finalmente calcular o *índice de sobreenvellecemento*, relacionando o número de persoas con máis de 85 anos co total de persoas con máis de 65.

Así, a *Idade media das mulleres* do concello de Ribeira é de 41,6 anos, mentres que a dos homes é lixeiramente menor: 39 anos. O *Índice de envellecemento das mulleres* é de 95,6, valor superior aos 82,3 do *Índice de envellecemento xeral*. Por fin, o *Índice de sobreenvellecemento xeral* é de 10,3, sendo de 13,35 para as mulleres. Establecendo unha comparativa con Galiza e coa provincia da Coruña, vemos que o *Índice de envellecemento* de Ribeira é bastante inferior ao de Galiza (130,4) e ao da provincia da Coruña (124,9); tamén apreciamos que o *Índice de sobreenvellecemento* de Ribeira é lixeiramente inferior á media provincial (11,8) e de Galiza (12,7).

A **contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo** é fundamental, dado que, dende este ano, estamos a apostar por metodoloxías activas e participativas así coma por un método de traballo baseado en proxectos, onde os propios discentes son os que teñen que indagar, elaborar e presentar un produto final. Para iso é necesario o uso das novas tecnoloxías e que todo o entrañado dixital funcione axeitadamente, de forma que, o traballo non se vexa freado polas posibles fallas tecnolóxicas actualmente existentes.

Estamos inmersos en diversos programas de éxito educativo (EduInnova, EduSaúde e EduSostibilidade), así como no Plan Proxecta de Patrimonio Etwinning e no Erasmus+ co cal o uso da infraestrutura dixital é un elemento indispensable para levar a cabo con éxito todos estes retos e poder traballar colaborativamente con centros doutros países. Tamén fixemos a petición (admitida de momento) para ser un dos recentes polos creativos.

Fixemos obras no centro, cambiando a biblioteca de lugar e creando un novo espazo aberto e moito máis amplo (case 200 metros cadrados) onde dar cabida a todas aquelas actividades e metodoloxía STEM que temos en mente como parte da nosa forma de traballar.

Polo tanto, o Plan Dixital estará moi presente na PXA do vindeiro curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para levar a cabo o plan dixital no noso centro atinxirémonos ao seguinte marco legal:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Como único membro do equipo de Dinamización do Plan Dixital (por petición propia, xa que os meus compañeiros/as contan cunha alta carga de traballo levando a cabo todos os proxectos que nos propuxemos para este ano), o proceso de elaboración do mesmo consistiu en seguir as instrucións dos coordinadores da zona e dos pequenos titoriais e guías existentes, adicando boa parte do pouco tempo dispoñible a elaboralo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con conexión de banda ancha cableada e sen fíos, se ben é certo que a conexión sen fíos é bastante mellorable.

O teléfono vai coa liña de internet.

O centro contaba cun aula de informática completamente obsoleta, chea de equipos cunha antigüidade cercana aos 10 anos, onde uns funcionaban e outros non. Ademais era un aula pechada á que non se lle daba

uso. Iso fixo que a uníramos coa aula que tiña ao lado, reubicando a mesma e tirando paredes (coa axuda do concello) dando lugar á que será a nosa nova biblioteca, xa mencionaada con anterioridade.

O equipo de dirección é un de adquisición do propio centro, levada a cabo pola anterior directiva xa que o que tiñan da Xunta avarious e supoño que ante a urxencia da necesidade do mesmo tomouse esa iniciativa.

De todas formas é un equipo que se traba con facilidade e bastante lento e o que había antes data do 2014, co cal, xa nos podemos imaxinar o rendemento do mesmo.

O ordenador da mestra de 3º ciclo data do 2016 e non vai especialmente fluído, dando en ocasións erros recurrentes. Os 4 equipos que se levaron para esa aula, os cales estaban na anterior aula de informática, son todavía máis antigos, 2011, e funcionan moi mal e con frecuencia toca resetealos para que respondan.

Na clase de 2º ciclo o ordenador é un portatil que tamén falla con asiduidade. E os 3 equipos presentes para o alumnado tamén son de 2011.

Na aula de 1º ciclo o ordenador da mestra tamén conta con alo menos 10 anos.

Por outra banda, o da biblioteca é de 2016 e traballa ben dentro do que cabe pero todos os ordenadores en xeral están obsoletos.

Contamos con páxina web do centro, aula virtual, Agueiro, espazoAbalar, Abalarmóbil, páxina da biblioteca e perfís de Instagram (creada este ano) e Facebook. Non contamos con E-Dixgal.

A xestión do mantemento do equipamento do centro ven dada pola UAC pero moitas veces son eu como coordinador do equipo TICS ou algún dos mestres/as o que ten que dar solución a diversos erros de fácil solución.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	4.1				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	3				
	Alumnado	3,5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	4.7				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,8				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	3,8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,7				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	3	66.7%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO			
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
95,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
PRI	<u>94,3</u>	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
ESO				

BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	1	20%
B1	1	20%
B2	3	60%
C1		
C2		
TOTAL	5	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C3. Acceso a internet estable.</p> <p>C7. Existencia de sistemas de protección de datos</p> <p>C8. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe do alumnado.</p>	<p>C1. A infraestrutura dixital non respalda ensino coas TD.</p> <p>C11. Carecemos de medidas para identificar a fenda dixital.</p> <p>C10. Non temos dispositivos para que o alumnado leve á casa.</p> <p>C5. Non contamos con asistencia técnica.</p> <p>C15. Faltan dispositivos para as tecnoloxías asistenciais</p> <p>C12. Fenda dixital: escaso apoio para abordar retos</p> <p>C2. Escaseza de dispositivos dixitais para uso do profesorado no ensino</p> <p>C14. Carecemos de espazos físicos para dedicar ás TD</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>E1. O profesorado busca recursos educativos en liña</p> <p>E4. Empregamos as TD para a comunicación coa comunidade educativa.</p> <p>A4. Existencia de tempo para explorar o ensino dixital</p> <p>D2. Temos acceso a participación na FPP</p> <p>E3. Uso de contornos virtuais de aprendizaxe</p> <p>E4. Uso das TD para a comunicación coa comunidade educativa</p> <p>D3. Intercambio de experiencias sobre o ensino con TD</p> <p>A3. Exploramos as novas modalidades de ensino coas TD</p>	<p>G10. Non valoramos as aprendizaxes adquiridas polo alumnado fóra do centro.</p> <p>G10. Non valoramos as habilidades dixitais desenvolvidas polo alumnado fóra do centro.</p> <p>G5-G7 Non empregamos as TD para autorreflexión sobre a aprendizaxe e a avaliación.</p> <p>F3. Escaso fomento da creatividade</p> <p>B2. Non debatemos sobre o uso da tecnoloxía dixital.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>F1. Empregamos as TD para adaptarnos ás necesidades do alumnado</p> <p>H4. O alumnado aprende a verificar a calidade da información</p> <p>F5. Fomentamos a colaboración/cooperación do alumnado coas TD</p> <p>H1. H3. O alumnado aprende a ter un comportamento seguro e responsable coas TD</p> <p>F4. Realizamos actividades de alta motivación do alumnado</p>	<p>H11. O alumnado non aprende a codificar, programar nin resolver problemas técnicos.</p> <p>H7. Escasa creación de contidos dixitais polo alumnado.</p>
	FAMILIAS		

	OFERTA	F6. Fomentamos a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	D2. Foméntase a participación na FPP E3. Uso de contornos virtuais de aprendizaxe	C16. Ausencia de bibliotecas/ repositorios en liña A1. Falta dunha estratexia dixital de centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Interese en fomentar o uso das novas tecnoloxías nos centros.	Exceso de carga de traballo do persoal docente Perda do foco por exceso de obxectivos. Escaso apoio técnico externo. Escasa dotación orzamentaria e moi rixida.
	LEXISLACIÓN	Novas leis que fomentan o uso das novas tecnoloxías coma parte dun aprendizaxe integral. A5. Respectamos as normas sobre dereitos de autor	Demasiados e moi continuos cambios lexislativos.
	CONTORNA	Marco idílico e incomparable cheo de recursos para a investigación e exploración coas TD.	A maior ameaza sería non aproveitar os recursos que nos dá a nosa contorna para traballalos coa axuda das TD.
	ANPA	A ANPA do centro está moi involucrada nos proxectos do centro e están sempre dispostos a botar unha man, tamén no ámbito tecnolóxico.	
	OUTRAS ENTIDADES	Presenza de diversas organizacións na contorna do centro. Colaboración con entidades e centros doutros países.	Colaboración mellorable coas entidades próximas ao centro.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": F- Pedagogía: implementación na aula. H- Competencias dixitais do alumnado						
1. OBXECTIVO :	Implementar un proxecto interdisciplinar por trimestre.				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora da biblioteca escolar e a a coordinadora do EDLG.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Alumnado que participa no proxecto e emprega ferramentas TIC					
Valor de partida	Sen datos previos					
Valor previsto e data	Todas as aulas participan nos proxectos interdisciplinares.			Fin do curso escolar 22/23.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Acordar o Proxecto Interdisciplinar a desenvolver.	Claustro	Setembro de 2022	Lugar para reunirse e votación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.2: Procura de información en internet, por parte do alumnado.	Profesorado de cada grupo	Xuño de 2023	Dispositivo dixital e conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: O alumnado elabora produtos dixitais.	Profesorado de cada grupo	Xuño de 2023	Dispositivos dixitais e conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Difusión das actividades realizadas na páxina web co centro.	Profesorado con permiso de edición na web do centro e alumnado a través de Aqueiro.	Xuño de 2023	Dispositivo dixital e conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: F- Pedagogía: implementación na aula, D- Desenvolvemento profesional continuo

2. OBXECTIVO :	Uso da aula virtual do centro polo profesorado e polo alumnado.	Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	A aula virtual do centro é empregada de forma habitual polo profesorado e o alumnado.		
Valor de partida	Sen datos previos		
Valor previsto e data	O alumnado e profesorado de E.P. Realiza 2 tarefas trimestrais	Xuño 2023	

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Creación dun curso de formación na AV	Administrador/a aula virtual	setembro de 2022	Equipamento informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Formación do profesorado que o precise e do alumnado no uso da aula virtual.	Coordinador TIC	31 de outubro de 2022	Equipamento informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Proposta de tarefas na aula virtual.	Tódolos mestres de primaria	Xuño de 2023	Equipos informáticos e conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: B- Colaboración e redes

3. OBXECTIVO :	Crear un banco de recursos dixitais compartido polo profesorado do centro na rede Agueiro.	Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado que xa traballou con Agueiro e Coordinador TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% do profesorado que comparte os seus recursos dixitais		
Valor de partida	0% do profesorado comparte os seus recursos dixitais.		
Valor previsto e data	100% do profesorado publica en Agueiro os seus recursos	Xuño 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Formación en Agueiro	Coordinador TIC e/ou calquera mestre que xa empregara a rede Agueiro	Novembro de 2022	Aula de informática con dispositivos dixitais e conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Tódolos mestres suben recursos persoais a Agueiro para compartilos.	Profesorado que xa traballara con Agueiro.	Xuño de 2023	Dispositivo dixital e conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: : Infraestructuras e equipamento (C)						
4- OBXECTIVO:	Actualizar o equipamento informático do centro				Acadado	
Responsable:	Persoa coordinadora TIC. Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de equipos con hardware anterior a 2014 actualizados(Instrumento: Memoria TIC)					
Valor de partida:	0% de equipos con hardware anterior a 2014 actualizados					
Valor previsto e data:	75% de equipos con hardware anterior a 2014 actualizados			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Determinar as necesidades de cada equipo informático.	Persoa coordinadora das TIC	Outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Solicitar e instalar os discos duros sólidos e a ampliación da memoria RAM dos equipos máis obsoletos	Persoa coordinadora das TIC.	Decembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Organizar e priorizar solución técnicas relativas os equipos informáticos.	Persoa coordinadora das TIC. Dirección.	Xuño 2023	Determinar tanto interna como externamente asistencia técnica.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Unha vez recollidas as nosas necesidades e debilidades, consideramos que **sería necesaria unha renovación dos equipos informáticos do centro**, xa que a instalación de discos SSD nos mesmos loxicamente sería unha mellora, pero tendo en conta a antigüidade dos equipos e o ritmo ó que avanza a tecnoloxía, así coma o tipo de educación que se nos pide dende a Xunta coas novas metodoloxías, as cales apoiamos, pero con estes equipos faise costa arriba e moitas veces temos que tirar dos nosos dispositivos.

Así mesmo, **sería importante unha dotación de equipos portátiles** que serían de gran axuda na nosa forma de traballar. Por último a conexión a internet tamén debe mellorar, sobre todo a inalámbrica, a cal debería ser moito máis rápida e fiable.

4. Avaliación do plan

Para levar a cabo a avaliación do plan utilizaremos dous tipos de avaliación, a procesual e a final, da seguinte maneira:

- O final de cada trimestre terá lugar unha **avaliación procesual**. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- O finalizar o curso académico faremos unha **avaliación final** na cal se considerarán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

De cara á difusión do Plan, esta levarase a cabo a través de plataformas institucionais coma Agueiro así coma na web do centro con informacións puntuais de interese para toda a comunidade educativa.